


Documento distribuído por
 culturagalega.org

PUBLICAR NA MADUREZ

Textos de Luz Fandiño, María Xosé Queizán, Marilar Aleixandre, Marica Campo, Pilar Beiro e Eva Veiga.



Consello da Cultura Galega
Sección de Filosofía e Pensamento
Comisión Técnica de Xénero

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / xenero@consellodacultura.org

INTRODUCCIÓN

Talvez sexa relevante ou talvez non pero se cadra ofrece a posibilidade de abordar desde outros parámetros o feito literario, os procesos da escrita e da edición e a construción dos corpus poéticos persoais. Niso María Mariño tamén foi singular, segundo as informacións de Uxío Novoneyra comezou a escribir con 50 anos e publicou o seu primeiro libro aos 56. ¿Ten iso importancia? ¿De que maneira esa cronoloxía creativa é relevante na lectura da súa obra poética? ¿E hoxe? ¿cantas escritoras seguiron eses mesmos itinerarios? O segundo libro de poemas de María Mariño publicouse no ano 1990, nese mesmo ano e en anos posteriores publicaron o seu primeiro libro de poemas outras escritoras nadas antes de 1965. Con eses criterios e eses interrogantes desde a Comisión Técnica de Xénero propuxémoslle a algunhas escritoras e poetas facer unha reflexión ao abeiro da figura de María Mariño, algunhas aceptaron o convite, outras declinárono. O resultado é este dossier “Publicar na madurez”

LUZ FANDIÑO
nace en Santiago de Compostela en 1931

Dóenme as vosas
fuxidias olladas
e tornan con
premeditación
e alevosía
os meus complexos
que tanto escureceron
as primaveras
da miña vida,
dorna ferida polas tormentas
da emigración
onde se murcharon as
rosas alcendidas
de soños e ilusións,
bulrados e coucipados
os meus cabelos brancos,
as miñas enrugas,
a miña boca desdentada
falan da miña avanzada idade
e do pan da liberdade
roubados pola mafia

dos caciques de sempre

abenzoados polo maquiavélico

e castrante vaticano.

Mais non puderon

nen poden borrar

o libro ceibe

da miña memoria

que ós meus setenta e cinco anos

nen se cala nen se axeonlla

e ceibo o berro insubmiso

e forte tantos anos

polo silencio afogado,

eu bebo nas frescas fontes

da xuventude

e para elas e eles

este meu vello libro

da miña vida eu abro,

¡¡berrarei coa forza

que me produce,

que nos produce,

a impotencia!!

Berrarei, berrarei...

e xuro que endexamais

mentres eu viva,

calarei...

MARÍA XOSÉ QUEIZÁN
nace en Vigo en 1939

Escribir na madurez non é o mesmo que escribir con madurez. Unha escrita pode ser madura mesmo se a persoa que a escribe é nova. Normalmente, a xuventude é máis intrépida e está disposta a romper moldes, a innovar. As vangardas atraen nos anos mozos. Cos anos, esa seducción vai sendo substituída polo propio estilo, os propios criterios e valores, ao tempo que se incrementan os coñecementos, as vivencias, os pensamentos, posibilitando as ideas e as reflexións. Tamén coa madurez vaise consolidando o oficio, a arte de traballar coas palabras.

María Mariño e eu temos en común comezar a escribir poesía aos nosos 50 anos. Son, tamén, unha poeta serodia pero por causas distintas. Escribín a miña primeira novela aos 22 anos. Contrariamente ao acostumado, a poesía foi o último xénero que cultivei. Son, pois, serodia como poeta, pero non como escritora.

Os motivos que me levaron, e me levan, a escribir son tamén moi diferentes. Na miña obra prima o afán de comunicación, a acción socio-política, o que está fóra de min; na de M.M. prevalece o persoal, o seu mundo íntimo. Eu escribo “para darlle a luz e darlle luz”, “fago as palabras co meu sangue”, con conviccións, incluso cunha certa arrogancia, “escribo para darlle a volta ao mundo”, e unha postura optimista, “escribo para negar a morte en vida, escribo para vivírmonos”, “escribo para amar e conxurar a morte”. M. M. escribe “bágoa a bágoa” para afirmar a morte, “a súa amiga”, agarda o fin e “leva ás costas a lousa”, vese xa “tirada entre mesturada terra”. Con esta radical diverxencia enfrontámonos ao papel onde escribimos, á “paxina en branco”. No meu poema con ese título, encho de bicos o papel, fago o amor co texto “que goza pola miña boca”, “abrázoa como un corpo nu enigmático”. M.M. fai do papel o destinatario dunhas palabras amargas, non fala de pracer, senón de dor. Derrama na páxina o seu desencanto: “Aquí che deixo, meu peito canso, aquí che deixo, aquí che deixo neste branco papel trillado, neste percuo das horas”, “Papel branco, trillado, papel, berra, berra entre os fortes desde onde as miñas verbas che magoan”. Estou sorprendida, mentres isto escribo, non só de que as dúas tomáramos como asunto o papel en branco, senón, sobre todo, do antagonismo que se evidencia na nosa respectiva poesía.

En correspondencia cos estímulos que nos levan a escribir, pónense de manifesto as diferentes ideoloxías. A miña filosofía é materialista. Creo que a realidade está composta de cousas materiais e concretas. A poesía de M.M., aínda que a terra é substancial, “terra, verba miña!”, “terra, alma dona”, e a natureza ocupa un lugar capital nos seus versos, é unha poesía metafísica que indaga en conceptos que foron e son obxectos de pensamento filosófico: a palabra e o tempo. “Tempo é tempo e o mesmo Tempo. O que pasou non se foi. Nil estamos. En el hai”. Existencialismo. Reflexión sobre o ser e o tempo, en terminoloxía heideggeriana. Que ninguén se deixe enganar polos seus recursos populares, polas reiteracións, incluso polo caos lingüístico! Estamos ante unha obra filosófica; Que non aludan á súa escasa cultura libresco ou ao mínimo contacto co mundo literario! Enfrontámonos a unha poesía fonda, un pensamento

difícilmente penetrable, un universo poético que non se aprende nos manuais. O estilo imítase; o pensamento e a conciencia, non.

A fusión que mantén cos elementos autoriza a percibila como unha panteísta-naturalista. Nela prodúcese unha identificación coa natureza, unha simbiose. Ela é a terra, a chuva, o vento, a neve. É o albor e a noite. É a sombra rosaliana. Algúns autores teñen coincidido en cualificar isto como unha entrega mística. Non describe a natureza; mergúllase nela. Pero, é demasiado autónoma para ser mística. Non hai abandono, non hai éxtase. Cando parece renderse, fai unha toma de poder. Tanto é “o humor da nada” como o “sol que rixe” “Viste a Natureza vestido feito por min. Visto eu dela o mellor forro”. Non só é unha poeta madura. É unha poeta altiva.

Ademais de Novoneyra, o seu mentor e amigo, de quen recibiu o impulso de escribir, tamén fan a M.M. debedora de Rosalía. E quen non? Sen embargo, estamos ante poetas moi diferentes. Detéñome en dous temas rosalianos, a tea e o cravo. “Días e días tecín na tea do meu tear”, e soa o eco de Rosalía, mais onde a poeta de Padrón realiza a denuncia do traballo feito en solitario, M.M. continúa: “Hoxe a tea toda feita del n’a podo sacar” Ela é o tear e a tea. Todo está fóra e dentro dela. “Como traballa en min! Como me dá e que quita! Como me fai e desfai! Non podo evitar comparar o seu poema co meu, “Tirar do fío”, a propósito da tea de Rosalía. No meu, apelo a outra, presa, asimilada, nunha tea “tecida por séculos sen ti”, “unha tea de araña que ampara e afoga”. “Que elixir?, preguntas. Escapar. Tirar do fío. Exiliarse da tea de araña. Quererse ilegal. E logo? A insolencia de manterse sen fíos de protección, no vacío, e tecer soa a túa tea”. A concepción da tea é totalmente distinta e a actitude ante ela tamén.

Outro tema que comparte con Rosalía é a saudade. “Cousas, cousas fun lendo, cando as letras aprendía. Agora que sei ler non sei o que alí dicía” Ten saudade do que sabía non sabendo; do que perdeu coa lucidez. “Hoxe caeume o pano que a mirada me enturbaba” O pano é o cravo rosaliano. “Anque agora vexo craro, (...) non entendo ben as letras que co pano letreaba”. O cravo de Rosalía é a dor; o de M.M. é o entendemento, a comprensión. Rosalía ten saudades daquela pena; M.M. daquel pano, que, mesmo se a ensombrecía, facíalle ver claro. O coñecemento, non só das cousas, senón de si mesma, parece ser a preocupación de M.M.

Parece, pois, que, agás a coincidencia da idade na que comezamos a escribir poesía, pouco temos en común M.M. e máis eu. E, sen embargo, podo lela con verdadeiro pracer, con asombro e recoñecemento. Por que? Tendo en conta a miña negación dun pensamento contemplativo e a desafección pola poesía intimista; por unha poesía que foxe da realidade para refuxiarse en idealismos imaxinarios; unha poesía que tende non só a alienación, senón á banalidade; unha poesía que zumega impostura polos fonemas. Unha resposta pode ser que a poesía de M.M. desprende verdade, deixa pegada, non se pode esquecer. Derrama autenticidade e firmeza e de aí a súa orixinalidade, que nos asombra, e a súa ruptura lingüística, que nos fascina. Que ningunha mente simple atribúa esta ruptura lingüística á ignorancia, ao descoñecemento das leis da escrita! Novoneyra alcumouna “dinamiteira da fala” Pero non se limita a dinamitar. Non caen os anacos ao chou; non deixa as palabras perdidas. E non o fai porque a súa orixinalidade é verdadeira. Non busca ser orixinal, nin vangardista; non pretende que as persoas que a len fagan o seu traballo literario e, por riba, queden pampas ante a súa desviación. M.M. é auténtica, pregúntase a si mesma onde empeza a realidade e onde acaba. De ser posible, eu diría que M.M. non ten lectora/or implícita/o

á hora de escribir. Aínda así, a súa distorsión da estrutura do idioma é totalmente coherente. Descompón a gramática ao tempo que compón outra orde; trastorna a sintaxe con completa lóxica. Crea novos termos. Todo dunha maneira consecvente, de forma que non temos ningunha dificultade de interpretación nin de análise. Todo dun xeito harmónico, sen perder o ritmo, nin a beleza do conxunto. Para facer isto é necesaria a competencia lingüística e un gran dominio da mesma: Un novo síntoma de madurez.

M.M. é, pois, unha poeta que comeza a escribir na madurez cun pensamento maduro. Faino despois de experimentar vivencias moi dramáticas, perdas inigualables; faino soa, coa natureza como única amiga; faino sentindo a chamada da morte. Se hoxe escribimos sobre ela é grazas a eses dous libros que deixou. Velaí a grandeza da escrita.

MARILAR ALEIXANDRE

nace en Madrid en 1947

a pegada do tempo

muxindo a pegada do tempo

María Mariño

era a pegada da vida
que non daba refixeira
o ritmo disonante dos cascos dos cabalos
escachando pentámetros
o primeiro bico agrelando entre as altas herbas

porén escribiamos textos
en xéneros discursivos subversivos:
no tumulto das sabas
cos dentes marcabamos a cuñeira
o exacto contido temático
na pel núa
a falta de revistas de poesía
axaldabamos a lírica en panfletos
a dialéctica impoñíase sobre o dialóxico
a lombos de multicopistas roubadas

agulletadas na pegada do tempo,
o xénero escoando entre os dedos,
non podiamos saber

Mijail Mijailovich Bajtin
que estabas morrendo en Moscova
o sete de marzo de 1975

cos vietnamitas ás portas de Saigón
faltando cinco mortos
para que ao dictador lle cadrase a conta

tras beber o amargo pouso do tempo
que difícil saír da auga
desde as profundidades abisais
aprender, xunto con celacantos e peixes pulmonados,
a respirar aire
trincar nas palabras novas, no novo tempo
coas innúmeras fileiras de dentes
ser rexeitada polos cuadrúpedes
esqueiroada da touza de peixes

resistimos
muxindo a pegada do tempo
cos dentes

MARICA CAMPO
nace no Val do Incio en 1948

Escribir na madurez: A copa baleira ou a copa que reborda?

*A metade do camiño da vida
achábame eu en selva ben escura
coa vereira dereita xa perdida.*

Dante, A Divina comedia

Cómpre distinguir, antes de todo, entre “escritora serodia” e “publicadora serodia”. Quen isto asína chegou tarde á letra impresa malia levar, até onde lle alcanza a memoria, toda a vida esborrachando papeis. Só un medo cerval a revelar unha actividade secreta, de cuxo valor dubidaba, lle retardou a saída á luz pública. Que factores determinaron a ruptura do silencio non veñen agora ao caso. Trátase aquí de falar da escrita na madurez, esa que se inicia mediada a vida e non é sarampelo adiado, senón doenza crónica. A doenza de lle querer dar un outro nome ao mundo, a enfermidade de se vestir ou ocultar tras as palabras, a paixón de combater con elas para lles facer dicir o indicíbel. Pode ser que eu aventure respostas onde só teño preguntas. É posíbel que o subconsciente responda por min e me roube a obxectividade que procuro. Deixando a parte as vocacións aprazadas por causas tan absorbentes como a crianza de fillos, ás veces compatibilizadas con traballos remunerados, resumo na imaxe do título as dúas posíbeis explicacións á eclusión tardía dunha escrita. Con María Mariño no pensamento, as preguntas son estas: Rebordaba a copa ou estaba a copa baleira?

A metade do camiño da vida / achábame eu en selva ben escura.
O comezo da Divina Comedia é abondo ilustrativo dese momento en que a existencia, perdido o pulo que lle é natural, se cuestiona a si

mesma. Fánsenos patentes a aridez, a desdita, o illamento, a morte. É o punto en que, máis ou menos conscientemente, nos lamentamos polo que non tivemos ou tivemos só dun xeito fugaz. Poucas mulleres poden recomezar unha historia que lles encha a vida. As máis cúlpase polo que senten e repiten ou reduplican o erro de non teren vida propia alén da familia. Identifícanse coa prole e, dalgún xeito, xustifican así a súa existencia. Algunhas son conscientes de que as súas inquedanzas ao final se chaman depresión. Moi poucas intentan, na escrita, encheren a copa baleira: Non vivín talvez, mais esta son eu, esta que vibra coa beleza. Esta son. Deixo constancia da infinidade dos meus soños, da inmensidade da miña desdita, do meu amor que non atopou canle nin continente, do tempo ao que lle fago a figa desde estas páxinas. Así María Mariño, na soidade caurelá, muller sen fillos, a dialogar coa natureza omnisciente, coa memoria ferida; a deixar, cando menos, *palabra no tempo* que foxe, que sempre foxe. *Eu non sei se xa pasou / ou se inda ten que pasar, / ou si aquilo que eu sentín / non foi sentir, foi soñar.* A copa baleira.

Ou a copa que reborda. A sabedoría da experiencia. O berro da dor inconmensurábel perante a morte. O laio da fonte ao reventar como nun cataclismo de voces de outrora. Porque a vida foi iso, encherse de voces. Porque a morte é iso, ser entregada ao silencio. Cómpre deixar testemuño, facer gravuras para despois do adeus. Por aquí pasei, velaí os milladoiros da miña peregrinaxe, ollade canto amei e sufrín desde este corpo que se esboroa, que non pode xa co peso dos días. Agora só a palabra, *verba que comenza*, a me salvar do tempo:

Chega a hora que marcou o tempo / -xada que apaga o sol-, / chega a hora fría aquela de contas feitas. / Chega luz rexida de nome, / rexida de verba, / rexida daquel que dixo que era e non se atopa.

PILAR BEIRO

nace en Carnota en 1958

O auténtico descubrimento é aquel que me fai capaz de deixar de poetizar cando quero, aquel que pacifica a poesía, de maneira que xa non nos vemos atormentadas por asuntos que cuestionan, unha vez mais, a poesía mesma (océano á vista ¡!!!)

O tratamento poético dunha cuestión é coma o tratamento dunha enfermidade. Libro de historiais clínicos do pensamento poético. A linguaxe coma un virus que se reproduce con facilidade, dando conta da súa intoxicada natureza. E é aquí onde fai aparición esa multitude excéntrica, contaminada. Hibridación de moi diversos rexistros. Un coro de pizarreiros de valdeorras por poñer un caso.

(Wittgenstein) ou algo parecido

.....

O que o meu canto anunciara no meu corpo aquela tarde de sábado era que a ferida no desexo ocasionada pola dictadura, cicatrizara. Podía regresar

E logo, que pasou nesa tarde do sábado?

Ela sandara, non da dor ocasionada pola violencia do trauma, é incurable, senón dos seus efectos devastadores. Grazas ó canto, memoria de afectos, produciuse a disolución do síndrome do esquezo que xermolara no seu corpo coma unha reacción defensiva.

(Case que Suely Rolnik logo de abandonar París)

A autoría indica un punto de saturación ou converxencia no espazo tempo, un instante de maior intensidade, un nódulo, no que “ autora” ecoa unhas coordenadas inestables froito dunha dinámica tensional apaixonada, dando conta **únicamente** dunha moi particular relación coa linguaxe.

MEDOS ROMERO
nace en As Pontes de García Rodríguez en 1959

Encéndeseme o peito, brúa en alma soia

Todas nós somos María Mariño dalgún xeito, todas educadas no sentir, na dor, no sacrificio, na culpa, na negación mesma. Todas recibimos esa educación terriblemente sexista, relixiosa e paternalista. Todas pasamos polo silenciamento duro, pola depresión, pola crenza de que non eramos capaces ou feitas para pensar e razoar, para falar e opinar do mundo. ¡Canto pesou en nós esta realidade, canto veneno se nos inxectou para descréremos da nosa capacidade! Toda a miña loubanza e agradecemento para quen pelexou e nos deu a herdanza da palabra: Rosalía, María Mariño, María Xosé Queizán ... Todas elas -poucas- son a orixe, o cerne de quen vimos sendo.

Digo e direi sempre que son do negado, e esa negación confirma a miña condición de muller. Só cando acado un profundo coñecemento de min mesma, unha maior autoestima e un certo equilibrio emocional duramente conquistado, é cando poido iniciar a miña labor creativa, con trinta e sete anos cumpridos. Creo que para dicir algo que teña certa madurez e altura creativa, unha ten que acadar un saber de si mesma e do mundo que a rodea. Esa é unha das claves para poder escribir. Outra clave para min é ter detrás unha terra, unha xente, unha lingua... E eu teño a sorte de ter todo iso, o mundo onde me criei, ao que estou fortemente enraizada. Falo dun mundo hoxe desaparecido, ao que eu regreso unha e outra vez, a un tempo que foi e xa non é, pero que me conforma e me confirma quen son por sempre. Falo do mundo do campo, da terra, dese paraíso do que moitos e moitas fomos expulsados irremediabelmente. Falo dos máis humildes, dos perdedores, dos esquecidos.

Escribo na soedade, desde a distancia, sen relación con outros autores, á marxe das xeracións de escritores, dos batallóns literarios, allea ás modas na literatura e mesmo ás tertulias de café. Escribo cando quero, cando poido, nunca por encarga ou por un guión. Escribo por necesidade vital. Escribo coa palabra na flor do corazón, por xenreira moitas veces, por inconformismo coa realidade que non quero asumir, tamén por nostalxia e por comunicarme mellor que de ningún outro xeito. Son unha muller creo que comprometida co meu tempo, coas causas que hai que defender e loitar por elas. Para iso serve tamén a poesía, non para mobilizar a ninguén, que non ten capacidade para tanto, mais si para denunciar e sensibilizar. Rexeito a violencia nas súas múltiples formas, a fame, as inxustizas, os abusos, a insensatez e a mentira. Gosto en demasía dos silencios, da lentura, de meditación, do sentir e da palabra que estexa sustentada pola vida, que sexa clara e vital. O meu traballo non responde nunca a un mero xogo verbal. Non soporto a palabrería. Teño sempre a intención de que nada do que escribo sexa vacuo, quizabes influida pola lectura tardía de libros de filosofía e psicoloxía, onde non me atopei nin atopei os grandes segredos do mundo. Non gosto en absoluto da creación doada, que non se esforza en elevar o dicir poético, ou mesmo en procurar a orixinalidade. Busco facer poesía metafórica e lírica, ás veces intimista e

mesmo mística cando teño abordado as soedades profundas da montaña e as ausencias de terra adentro.

Eu, que me criei a cabalo entre o campo e a cidade, a cabalo deses dous mundos, falo moito da perda dun mundo arcaico e milenario, dos sinais, das raíces, da fala, por iso eu estiven a cantar a perda de toda unha filosofía de vida cando outros e outras poetas están a facer outras cousas. Non me preocupa o desinterés de moitos por este tipo de poesía, xa que eu sei moi ben que son das últimas poetas que coñeceron ese xeito de vida e que o poden expresar. Por iso insisto en manter as palabras mamadas e herdadas da aldea, que son dialectais e que dan forza e beleza aos meus poemas e os convirten á vez en sinal de identidade da miña propia obra.

Falo fundamentalmente da terra, da muller, do tempo e da dor. A dor é o motor principal dos meus poemas e dos meus relatos, a razón pola que comezo a escribir e pola que continuo a escribir cada día. Mentiría se dixera que non valoro ser lida, apreciada e recoñecida, pero teño portas fechadas, moitos atrancos: son unha muller que inicia tardiamente a súa escrita, sen xeración clara, sen relacións de amizade nos círculos literarios, e a miña temática fundamental ten no fondo sempre o país e a terra, e sei que iso non está de moda. Parece que hai un gran interés en axudar á xente pouco comprometida, como se o pasado queimase e houbera que inventar a modernidade absoluta. Non hai máis que ver que tipo de programas culturais se ofertan ao público. Recentemente acado un premio na cidade de Coruña, o “González Garcés”, e que curioso, foi esa a primeira vez que, con oito libros publicados, son convidada a un acto nesa cidade tan próxima a min. Mais non desespero. Pouco a pouco eu sigo a facer a miña obra con entusiasmo, crendo, iso si, en min mesma e no que eu faigo, perseverando en mellorar e en soñar un país e un mundo mellor para todos.

EVA VEIGA
nace en Ombre -Pontedeume en 1961

MARÍA MARIÑO. ESCRIBIR NA MADUREZA

Vai o tempo tanxible destilando o seu recendo, esencia da que a penas nos chega unha forma de nostalxia. Mais, vive a memoria coas súas rúas e os infinitos matices a espertar da luz aínda soñando. A sombra dun baleiro mortal separa ou comunica as dúas beiras.

Pola ribeira, a carón dos veleiros, vai María Mariño á caza dese intre que desaparece en si mesmo para ser o chan sobre o que o tempo segue a andar. A vida é un territorio sempre fronteirizo e María vai de fóra a dentro e no íntimo ela é a cósmica vibración daquela auga embebida de mundo no seu anxeo azul.

Aparécense as palabras -a alma é lugar da epifanía- como innúmeros fulgores dunha virxe. Palabras-camiño, luz-verba, cantiga inxel dun texto que non se di.

Contemplan na bágoa do tempo meteóricas visións.

“La imagen es, pues, un cambio de trajes, fines u oficios entre objetos o ideas de la Naturaleza”, escribiu Federico García Lorca.

No regazo un naufraxio de cores, pezas dunha arquitectura tramada en fíos e a agulla que entra e sae como un salouco.

*Dios llo pague a miña nai
que me puxo a costureira:
Vén a auga e non me mollo,
vén o sol e non me queima.*

Tiñan os ricos tempo compacto como onzas de chocolate para malgastalo se facía falta. Pero o pobo apañaba horas do orballo e dábache a lentura das verbas que se xogan a vida e medran do que non hai.

De cote a casa é dos outros e os outros falan mentres ela ganduxa o sentido último do seu propio e ineluctable vagar. Os dedos dobran a basta para que non se perdan as palabras, pedras como nubes que gardan o lume.

Por que sabe ela sen sabelo, senón é porque é poeta, que un sol de neve virá sandar con calma de borrasca estes rebentos de rosa púrpura que na súa cerna nova prende o lonxe? De lonxe vén o sangue, nai escura, en elos de amorosa luzada. Pero a póla crebada.

Creba o vento unha vez e outra e cae sobre o mofo da nada. Caen palabras.

Verso a romperse, cantís do corpo, a chave no medio de tanto mar, palabra a piques de e sempre a ler as pegadas do lonxe-perto na rede-ceo dos furados.

Ías tan enteira e tan núa e tan estraña na rancia mestura dos días. Ías núa termando da luz como unha árbore.

E agora chámate o souto de ouro. Todo te chama na madurez do son e na dor que come o pan doce. Choves, María, e vai xermolando o teu canto en voz-deserto.

Soan as campás de Noia no Caurel. Chaman a ser e o ter do peito no seu tear. Vísteste coas galas daquel bo día de terra, roupas longamente traballadas do nacer; e por debaixo, o ritmo silandeiro daquel lonxear.

“El poema es la narración del viaje. La inspiración es la imagen, pero no el vestido.” Segue Lorca a zoar.

Abala vestido-arela azul Mariño.

Vestido por ti feito do non feito e de sucesos inefables. Saes á noite de fuxidías estrelas e ás escondidas velas o segredo. Presadas que de nós van caendo, amigo. Día noso, dirás. Había que chegar para ser na palabra exacta. O teu nome leva e dá.

Mar traes entre os teus ríos, unha soidade de toxos e uces entre os dedos, a melancolía que presente a onda na que todo se dá a man.

As túas mans non poden xa nin tan sequera erguer o veo, só o verbo é quen de tanta lousa.

Onde aquel que dixo que era e non se atopa?

Búscante as cousas na súa verdade do teu peito agora que les infinda do tempo; aí, aí, onde libre es. Papel en branco e amor de lúa-sol.

O cabalo-tempo sobe ós cumes e despénase nun mar de fondo, alí onde ríos de febre rachan néboas.

Un lene movemento, a penas pálpebra, e a auga toda. Verba que comeza.